

# Criterios de selección de estudantes do Máster Universitario en Visión por Computador na Universidade da Coruña

(Aprobado pola Comisión Académica do MUVC na UDC, na súa sesión do 22/05/2020)

O Máster Universitario en Visión por Computador (MUVC) impártese na Universidade da Coruña en conxunto coa Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade do Porto, en formato presencial con docencia remota para as materias impartidas polas outras universidades. A docencia é integramente en inglés, e obterase o mesmo título de máster, con unha denominación común, independentemente da universidade na que se formalice a matrícula.

O total de prazas ofertadas están distribuído equitativamente entre as catro universidades, e os candidatos poden solicitar a admisión para formalizar matrícula en calquera universidades. Os criterios de selección están unificados pola Comisión Académica Interuniversitaria.

Este documento reflicta os criterios de selección unificados para a admisión no MUVC na Universidade da Coruña, así como os documentación adicional requirida na preinscrición.

## Perfil dos candidatos

O MUVC está deseñado para estudantes e profesionais con formación de grao en Matemáticas, Física ou Enxeñería, con intereses de especialización en tecnoloxías innovadoras aplicadas á visión por computador.

- Estudantes que buscan unha especialización antes de acceder ao mercado laboral.
- Estudantes que pretenden facer unha tese de doutoramento en visión por computador.
- Emprendedores buscando formación para crear empresas innovadoras no ámbito da visión por computador.
- Profesionais de tecnoloxías relacionadas que buscan ampliar ou complementar os seus coñecementos.

O perfil de coñecementos recomendados para a admisión é:

- Coñecementos de matemáticas a un nivel equivalente ao proporcionado por un grao de enxeñería.
- Coñecementos de programación (C/C++, Java, Matlab, Python ou similar).
- Nivel de inglés equivalente a un B2, aínda que só se require a acreditar nivel B1.

## Documentación requirida

A maiores da documentación requirida pola Universidade da Coruña para o proceso de admisión, os candidatos deben presentar a seguinte documentación:

- Acreditación de nivel de inglés equivalente a B1 ou superior.
- Currículum vitae acreditando os méritos considerados nos criterios de selección.

Código Seguro De Verificación	lYiW14v51hyxImlI1urj0Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Rouco Maseda	Asinado	22/05/2020 20:00:27
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/lYiW14v51hyxImlI1urj0Q==">https://sede.udc.gal/services/validation/lYiW14v51hyxImlI1urj0Q==</a>		



## Criterios de selección

MÉRITOS		PONDERACIÓN
1	<b>Expediente académico</b>	80
	Materias cursadas en titulacións vinculadas co máster: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Titulacións da rama de ciencias, enxeñerías e enxeñerías técnicas</li> </ul>	
2	<b>Coñecemento de lingua inglesa</b>	Excluínte
	Mínimo Nivel B1 en inglés <ul style="list-style-type: none"> <li>• Acreditado mediante documentación xustificativa</li> </ul>	
3	<b>Adecuación do currículo</b>	Excluínte
	Acreditación mediante expediente académico e programas de materias superadas en titulacións oficiais, experiencia profesional ou investigadora de: <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Formación matemática equivalente a un grao de enxeñería (coñecementos de cálculo, alxebra e estatística). Os titulados en Física, Matemáticas ou Enxeñerías non precisan acreditación adicional.</li> <li>2. Coñecementos de programación</li> </ol>	
4	<b>Experiencia profesional</b>	15
	Experiencia profesional (incluídos contratos de investigación) no ámbito da visión por computador (preferente) ou das tecnoloxías da información e as comunicacións en xeral. <ul style="list-style-type: none"> <li>• Acreditado mediante documentación xustificativa (vida laboral, contratos, etc.)</li> </ul>	
5	<b>Outros méritos</b>	5
	Consideranse os seguintes méritos, debidamente acreditados: <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Propiedade intelectual ou industrial rexistrada no ámbito da visión por computador.</li> <li>2. Participación en proxectos Open Source ou Open Hardware no ámbito da visión por computador.</li> <li>3. Traballos fin de grao/máster, traballo fin de carreira ou tesinas no ámbito da visión por computador.</li> <li>4. Publicación de artigos en revistas e congresos internacionais, no ámbito da visión por computador.</li> <li>5. Bolsas e premios no ámbito académico ou profesional.</li> </ol>	

O Coordinador do MUVC na UDC,

José Rouco Maseda

Código Seguro De Verificación	1YiW14v51hyxImlI1urj0Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Rouco Maseda	Asinado	22/05/2020 20:00:27
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/1YiW14v51hyxImlI1urj0Q==">https://sede.udc.gal/services/validation/1YiW14v51hyxImlI1urj0Q==</a>		

